



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Expresión corporal e danza	Código	620G01028	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Educación Física e Deportiva			
Coordinación	Bobo Arce, Marta	Correo electrónico	marta.bobo@udc.es	
Profesorado	Bobo Arce, Marta	Correo electrónico	marta.bobo@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es/moodle/			
Descrición xeral	<p>No Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, a materia Expresión Corporal Danza atópase no Módulo denominado "Motricidade humana e rendemento deportivo". Módulo mixto que inclúe seis materias das cales a Expresión Corporal Danza ten carácter obrigatorio e os seis créditos asinados impártense ao longo dun cuatrimestre.</p> <p>O deseño curricular da asignatura Expresión Corporal e Danza é un intento de racionalización que fundamenta a relación entre o contexto e a acción.</p> <p>Por unha banda o contexto o definen os descritores do plano de estudos do grao que para a materia inclúen: Bases da expresión corporal e da danza como manifestación da motricidade humana. Dimensións e compoñentes do movemento expresivo. Actividades corporais de expresión a través de propostas didácticas para a utilización ata a idade puberal. Fundamentos técnicos e artísticos da danza como recursos educativos. Introducción a execución, análise e composición coreográfica na danza. Propostas educativas para o uso de diferentes formas de danza na educación física escolar. Danzas galegas tradicionais.</p> <p>Por outra banda, a acción ou desenrolo do proceso de aprendizaxe na asignatura relacionase coa consolidación da expresión corporal e la danza como un campo científico de coñecementos teórico-prácticos dentro da educación física. Este intento esixe un esforzo, especialmente importante, si consideramos que os conceptos da expresión e da danza aséntanse na complexidade e na diversificación dos mesmos.</p> <p>Entendida a expresión como unha conducta que arraigase nos sentimentos e nas emocións das persoas, como acción identifícase coa idea de exercer a expresión de forma activa, reflectindo no persoal referido ao sensitivo e emotivo. Este plantexamento esixe o compromiso nunha introspección auto-reflexiva, na que os conceptos, a práctica e a reflexión deben configurar a dinámica da aula.</p>			



<p>Plan de continxencia</p>	<p>1. Modificacións nos contidos Non hai modificacións nos contidos.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Actividades Iniciais Sesión Maxistral Portafolios do Estudante Proba mixta (computa na avaliación)</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Discusión dirixida pasa a Debate Virtual (computa na avaliación) Aprendizaxe Colaborativa pasa a Traballo Grupal Tutelado (computa na avaliación) Práctica de actividade física (desaparece) Proba Práctica en Grupo pasa Traballo Grupal Tutelado (computa na avaliación) Proba Práctica Individual pasa Traballo Individual Tutelado (computa na avaliación)</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.</p> <p>Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumando.</p> <p>Teams: semanalmente dúas sesións de tipo expositivo en grande grupo (120 estudantes), unha sesión de docencia interactiva e unha sesión de titorías atendendo a franxa horaria da materia nos horarios oficiais da Facultade.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Mantéñense as porcentaxes asinadas a cada metodoloxía pero adaptadas ás modificacións das mesmas.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que as referencias ao cómputo da asistencia, que só se realizará respecto das sesións que houbo ate o momento no que se suspendeu a actividade presencial.</p> <p>Alumnado con dedicación completa (Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 70%). Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das metodoloxías obxecto de avaliación.</p> <p>Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica: (Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 50%). Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das metodoloxías obxecto de avaliación para estes casos recollidos na guía docente.</p> <p>A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a de xuño.</p> <p>Se un estudante non supera a materia, nin na primeira nin na segunda oportunidade, ningunha das metodoloxías superadas serán gardadas para o vindeiro ano académico.</p>
-----------------------------	--



5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e comprender os fundamentos das actividades de expresión corporal e da danza como manifestación da motricidade humana	A16 A18	B1 B3 B7 B11 B16	C2 C6 C7
Comprender, deseñar e aplicar as dimensións e os compoñentes do movemento expresivo e da danza no eido educativo	A16 A18 A27	B1 B2 B3 B4	C1 C3 C7
Deseñar, describir e executar actividades de expresión corporal e danza considerando a compoñente expresiva, técnica e artística, e os aspectos didácticos	A16 A18 A27	B1 B6 B11	C2 C8
Executar correctamente as accións motrices propias da danza, sendo capaz de identificar os erros máis frecuentes e saber corrixilos	A18 A27	B11	C6
Dominar e aplicar os principios expresivos, técnicos e artísticos da composición coreográfica tanto a nivel individual como colectivo	A16 A18 A27	B4 B6 B11	C4
Utilizar con creatividade os recursos materiais, tecnolóxicos e humanos no eido da expresión corporal e a danza	A16 A18 A27	B2 B3 B4 B5 B7 B10	C2 C3 C5 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
PRESENTACIÓN DA MATERIA	0.1. Datos descritivos 0.2. Programa xeral da asignatura: Guía docente 0.3. Recursos 0.4. Evaluación 0.5. Creación de grupos de traballo
BLOQUE TEMÁTICO I: CONSIDERACIÓNS BÁSICAS DO CORPO E DA COMUNICACIÓN	Tema 1: O CORPO 1.1. Primeiras reflexións. Significado do corpo 1.2. Conceitos. O corpo visto dende diferentes enfoques 1.3. O corpo no Deporte e na Educación Física 1.4. O corpo na Expresión Corporal e a Danza Tema 2: A LINGUAXE CORPORAL 1.1 Consideracións xerais sobre a comunicación. Comunicación verbal e non verbal ¿excluíntes ou complementarias? 2.2. Funcións da Comunicación Non Verbal 2.3. Canais de comunicación non verbal: Espazo, Posturas e Mirada 2.4. Posibilidades de interpretación das mensaxes corporais



<p>BLOQUE TEMÁTICO II: EXPRESIÓN CORPORAL DANZA: APROXIMACIÓN TEORICA E PLANTEXAMENTO DIDÁCTICO</p>	<p>Tema 1: BASES TEORICAS DA EXPRESIÓN CORPORAL DANZA</p> <ol style="list-style-type: none">1.1. Orientacións na práctica da expresión corporal e da danza. Os contextos1.2. Aproximación a unha definición de expresión corporal e de danza1.3. As compoñentes do movemento expresivo1.4. A técnica e a creatividade na expresión corporal e na danza <p>Tema 2: EXPRESIÓN CORPORAL DANZA E EDUCACIÓN FÍSICA</p> <ol style="list-style-type: none">2.1 Marco legal. Ubicación da expresión corporal danza na LOMCE2.2. Finalidade da expresión corporal danza no ámbito da Educación Física2.3. Obxetivos das actividades corporais de expresión neste ámbito2.4. Características xerais da expresión corporal danza na Educación Física: contidos, avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave.
<p>BLOQUE TEMÁTICO III: AS DIMENSIÓNS E AS COMPOÑENTES DO MOVEMENTO EXPRESIVO</p>	<p>Tema 1: OS PRELIMINARES</p> <ol style="list-style-type: none">1.1. Conceito e finalidades1.2. Obxectivos1.3. Proposta de actividades <p>Tema 2: A DIMENSIÓN COPRPORAL. A TOMA DE CONCIENCIA DO CORPO EXPRESIVO: HABILIDADES MOTRICES EXPRESIVAS</p> <ol style="list-style-type: none">2.1. Recoñecemento corporal interno e externo2.2. A relaxación2.3. A respiración2.4. A concentración2.5. A sensopercepción <p>Tema 3: A DIMENSIÓN ESPACIAL. EXPLORACIÓN EXPRESIVA DO ESPAZO.</p> <ol style="list-style-type: none">3.1. Percepción e organización do espazo3.2. Uso expresivo do espazo. Composicións nas que amósase o dominio das compoñentes e as posibles combinacións para dotar de expresividade ao movemento. <p>Tema 4: A DIMENSIÓN TEMPORAL. EXPLORACIÓN EXPRESIVA DO TEMPO</p> <ol style="list-style-type: none">4.1. Estructuración métrica e non métrica4.2. Uso expresivo do tempo. Composicións nas que amósase o dominio das compoñentes e as posibles combinacións para dotar de expresividade ao movemento. <p>Tema 5: A DIMENSION DINÁMICA. CALIDADE DO MOVEMENTO</p> <ol style="list-style-type: none">5.1. Sub-compoñentes da enerxía. As accións básicas do esforzo5.2. Utilización expresiva da enerxía. Composicións nas que amósase o dominio das compoñentes e as posibles combinacións para dotar de expresividade ao movemento.
<p>BLOQUE TEMÁTICO IV: A PRÁCTICA, A ANÁLISE E A INVESTIGACIÓN NA DANZA EDUCATIVA</p>	<p>Tema 1:A DANZA EDUCATIVA E AS HABILIDADES TÉCNICAS E CREATIVAS</p> <ol style="list-style-type: none">1.1. Control corporal-postural básico1.2. Accións Motrices na Danza1.3. Frases de Movemento1.4. Fundamentos da composición coreográfica



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A16 B1 B4 B7 B10	2	4	6
Sesión maxistral	A16 A18 A27 B1 B3 B7	13	6.5	19.5
Práctica de actividade física	A16 A18 A27 B1 B2 B3 B4 B6 B11 C4 C5 C7 C8	28	42	70
Discusión dirixida	A16 A27 B2 B4 B6 B7 B10 C1 C2 C3 C6	4	10	14
Portafolios do alumno	A16 B1 B7 B10 B11 C1 C2 C3 C6	0	3	3
Aprendizaxe colaborativa	A16 A18 B2 B4 B6 B11 B16 C7	9	13.5	22.5
Proba práctica	A16 A18 A27 B2 B4 B5 B7 B11 B16 C4 C5 C6 C7 C8	1	4	5
Proba mixta	A16 A18 A27 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B10	2	6	8
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	<p>Nesta metodoloxía inclúense os seguintes aspectos:</p> <p>Presentación da profesora e da guía docente da asignatura.</p> <p>Creación de grupos de traballo estables para a realización dos diferentes traballos teóricos, debates e coreografías grupais.</p> <p>Realización de enquisas de experiencias previas na Expresión Corporal e Danza, así como expectativas do alumnado respecto a materia.</p> <p>Sesións prácticas de desinhibición e creación dunha boa dinámica grupal.</p>
Sesión maxistral	Impartición de contidos teórico-prácticos por parte da profesora. Sesións sincronicas presenciais e/ou telemáticas a través da plataforma Teams e utilizando os materiais de traballo depositados en Moodle.
Práctica de actividade física	Sesións prácticas de expresión corporal danza dirixidas pola profesora nas que se realizara dende un traballo máis básico técnico ata un traballo de composición creativa a nivel individual, por parellas ou grupal. Os contidos abordados levarán ata a elaboración dunha coreografía individual e dunha coreografía grupal que computarán na calificación final da materia.
Discusión dirixida	Debates coordinados pola profesora nos que os diferentes grupos de alumn@s cos seus correspondentes temas presentarán un traballo do mesmo que será obxecto de debate e discusión na aula e cuxo desenrrolo e conclusións deben rexistrarse por escrito e incluírse no portafolios da materia.
Portafolios do alumno	Arquivador ou cartafol no que o alumnado recollerá cronoloxicamente todas as actividades de ensinanza-aprendizaxe realizadas ao longo do cuadrimestre: Diario de sesións coa definición de obxectivos, contidos e valoración persoal, traballos individuais e grupais, producións audiovisuais, resumos de debates realizados na aula, material de estudo entregado pola profesora, rexistro de sesións de traballo tutelado, entre outros. Este traballo servirá de guía e fundamento para o examen teórico e as coreografías finais.
Aprendizaxe colaborativa	A partires de diferentes propostas os grupos traballarán na composición de diferentes coreografías de danza. As coreografías grupais presentaránse nas sesións prácticas e recolleranse en formato audiovisual para a posterior visualización conxunta e a inclusión no portafolios.



Proba práctica	Examen práctico da materia que consiste na realización de dous coreografías de expresión corporal danza nas que se amosa o dominio dos contidos técnicos, expresivos e artísticos da materia. Unha coreografía executarase de xeito grupal e a outra de xeito individual.
Proba mixta	Exámen teórico da asignatura que poderá inserir diferentes tipos de preguntas: desenrrolo, curtas, test, test de opción múltiple, asociar, ordear, completar, etc. Neste exámen entran todos os contidos e actividades realizadas ao longo do cuadrimestre, tendo especial importancia para a preparación tanto a asistencia diaria as clases como o seguemento da asignatura a través do portafolios.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida Aprendizaxe colaborativa	<p>Titorías colectivas solicitadas en data e hora para desenrrolar o traballo tutelado que presentárase de forma práctica e ou oral e cos recursos audiovisuais nos diferentes debates da asignatura.</p> <p>Titoría individual solicitada en data e hora para revisar a evolución das temáticas teóricas e prácticas, e ou dúbidas que poidan xurdir ao longo do cuadrimestre.</p> <p>Aqueles estudantes que opten pola opción de matrícula parcial deberán solicitar a lo menos unha tutoría al mes para ver a evolución non presencial na materia. Esta tutoría terá que ser solicitada con suficiente antelación no enderezo electrónico marta.bobo@udc.es</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	A16 A27 B2 B4 B6 B7 B10 C1 C2 C3 C6	Presentación oral dun tema de debate diante do grupo de clase para discusión, análise e obtención de conclusións.	10
Aprendizaxe colaborativa	A16 A18 B2 B4 B6 B11 B16 C7	Elaboración e presentación de coreografías grupales relacionadas cos temas prácticos da asignatura.	20
Proba mixta	A16 A18 A27 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B10	Examen escrito con diferentes formatos de preguntas que inclúe todo o temario da asignatura e todas as actividades da mesma (30%) O examen estará no idioma da impartición da asignatura, castelán. Se alguén desexa unha copia do examen noutro idioma oficial da UDC, deberá solicitálo á profesora unha semana antes da data de realización.	30
Proba práctica	A16 A18 A27 B2 B4 B5 B7 B11 B16 C4 C5 C6 C7 C8	Examen práctico Coreografía Grupal (20%) Examen práctico Coreografía Individual (20%)	40
Outros			

Observacións avaliación



MATRÍCULA COMPLETA

Para aprobar a materia hay que superar tódalas metodoloxías.

Tamén é requisito indispensable a asistencia ao 70% do total das sesións síncronas (presenciais e telemáticas)

En calqueira caso cunha calificación

inferior ao 4.5 en unha ou en varias metodoloxías o/a alumno/a deberá repetir

dita proba para acadar o apto na asignatura. Gárdanse todas as

calificacións parciais e únicamente haberá que repetir as probas non superadas correspondente.

Tamén aqueles alumnos/as que o desexen poderán realizar un portafolios da asignatura e/ou un comentario crítico dun espectáculo expresivo-artístico para subir a nota final.

Aqueles alumnos/as que non cumpran cos requisitos de asistencia do 70% terán a posibilidade de presentarse a dúas probas: un examen práctico individual (50% da avaliación) e un examen teórico (50% da avaliación). Para obter o apto (aprobado 5) na asignatura deberán obter como mínimo unha calificación de 7.5 puntos en cada unha das probas.

Aqueles alumnos/as que xa cursaron a asignatura (cumprindo cos requisitos de asistencia) únicamente teñen que presentarse as probas que teñan pendentes, sin necesidade de asistir a clase de novo.

Aqueles alumnos/as que non cumpriron cos requisitos de asistencia síncrona terán que repetir a materia por completo.

En situacións excepcionais, lesión ou enfermidade, valorarase o cómputo da asistencia coa acreditación dos certificados oficiais correspondentes.

As probas de avaliación son as mesmas nas diferentes oportunidades da convocatoria, xuño e xullo do curso en cuestión.

MATRÍCULA PARCIAL

Convocatoria Xuño: Aqueles alumnos/as que opten por esta modalidade terán que superar un examen práctico individual (50% da calificación final) e un examen teórico (50% da calificación final) nos que terán que conseguir un 7.5 para superar a materia.

Convocatoria Xullo: Aqueles alumnos/as que opten por esta modalidade terán que superar un examen práctico individual (50% da calificación final) e un examen teórico (50% da calificación final) nos que terán que conseguir un 7.5 para superar a materia.

Fontes de información



<p>Bibliografía básica</p>	<p>BLOQUE TEMÁTICO I Davis, Flora. (1980) La comunicación no verbal. Ed. Alianza, Madrid· Descamps, M.A. (1990) El lenguaje del cuerpo y la comunicación corporal. Ed. Deusto, Bilbao Dropsy, J. (1987) Vivir en su cuerpo. Expresión corporal y relaciones humanas. Ed. Paidós, Barcelona Fast, J. (1986) El lenguaje del cuerpo. Ed. Kairos, Barcelona Lora Risco, Josefa. (1991) La educación corporal. Ed. Paidotribo, Barcelona Pease, A. (1994) El lenguaje del cuerpo. Ed. Altaya, Barcelona Pease, A, Pease, B. (2011) El lenguaje del cuerpo en el trabajo. Ed. Amat, Barcelona Ruckle, H. /2000). Cómo entender el lenguaje del cuerpo BLOQUE TEMÁTICO II: Learreta, B., Ruano, K. (2005) Los contenidos de la expresión corporal. Ed. Inde, Barcelona Learreta, B.; Sierra, M.A. y Ruano, K. (2006). Didáctica de la Expresión Corporal Talleres Monográficos. Ed. Inde, Barcelona Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (2015) LOMCE «BOE» núm. 3, de 3 de enero de 2015, páginas 169 a 546 (378 págs.) Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato. Montesinos Ayala, D. (2004) La expresión corporal, Su enseñanza por el método natural evolutivo. Ed. Inde, Barcelona Ortíz Camacho, M. (2002). Expresión Corporal Una propuesta para el profesorado de educación física. Ed. Grupo Editorial Universitario, Granada. Schinca, Marta. (1988) Expresión corporal. Bases para una programación teórico-práctica. Ed. Escuela Española, S.A. Madrid Stokoe, Patricia. (1986) Expresión Corporal. Guía didáctica para el docente. Ed. Ricordi, Buenos Aires. Stokoe, Patricia. (1990) Expresión corporal. Arte, salud y educación. Ed. Humanitas, Barcelona. Stokoe, P. y Harf, R. (1992) La expresión corporal en el jardín de infantes. Ed. Paidós, Barcelona Stokoe, P. y Schächter, A. (1994) La expresión corporal. Ed. Paidós, Barcelona BLOQUE TEMÁTICO III: Bossu, H. y Chalaguier, C. (1986) La expresión corporal. Método y práctica. Ed. Martínez Roca, Barcelona. Calais-Germain, Blandine. (2011) La respiración. Anatomía para el movimiento tomo IV. El gesto respiratorio. Ed. La liebre de marzo, Barcelona Castañer, Marta. (2002) Expresión corporal y danza. Ed. Inde, Barcelona Andia, E. (1989) Movimiento y ritmo. Juego y recreación. Ed. Paidós, Barcelona Lamour, H. (1991) Pédagogie du rythme. Ed. Revue EPS, Paris Motos, T.; García, L. (2001) Práctica de la expresión corporal. Ed. Ñaque, Guadalajara Motos, T. (1985) Juegos y experiencias de expresión corporal. Ed. Humanitas, Barcelona Motos, T. y Tejado, F. (1987) Prácticas de dramatización. Ed. Humanitas, Barcelona Prado de, D., Charaf, M. (2000). Relajación Creativa. Ed. Inde, Barcelona Schinca, M. (2010) Expresión Corporal. Técnica y expresión del movimiento. Ed. Wolters Kluwer, España Stokoe, P. y Harf, R. (1992) La expresión corporal en el jardín de infantes. Ed. Paidós, Barcelona Zimmermann, Sussane. (1983) El laboratorio de danza y movimiento creativo. Ed. Humanitas, Buenos Aires BLOQUE TEMÁTICO IV Anderson Sofras, Pamela. (2006) Dance composition basics. Capturing the choreographer's craft. Ed. Human Kinetics, USA Calais-Germain, B.; Lamotte, A. (2009) Anatomía para el movimiento. Tomo II. Bases de ejercicios. Ed. La liebre de marzo, Barcelona Franklin, E. (2004) Conditioning for dance. Training for peak performance in all dance forms. Ed. Human Kinetics, USA Guerber Walsh, Nicole. (1991) Danse. Ed. Revue EPS, Paris Guillot, G. (1974) Gramática de la Danza Clásica. Ed. Hachette, Buenos Aires Horton, S. y Hanstein, P. (1999) Researching Dance: Evolving Modes of Inquiry. Dance Books LTD, University of Pittsburg Press, London Joyce, M. (1987) Técnica de Danza para Niños. Ed. Martínez Roca, Barcelona Laban, R. (1993) Danza Educativa Moderna. Ed. Paidós. Técnicas y Lenguajes Corporales, Barcelona Linares, J. (1986) O Baile en Galicia. Ed. Galaxia, Vigo. McGreevy-Nichols, S. y Scheff, H. (1995) Building Dances: a guide to putting movements together. Human Kinetics, USA Ossoona, Paulina. (1981) Danza Moderna: La Conquista Técnica. Ed. Hachette. Buenos Aires, Argentina. Robinson, J. (1981) Éléments du langage chorégraphique. Ed. Vigot, Paris Smith-Autard, J. (2000) Dance Composition. Ed. A & A; C Black, London Viciána, V. (1999) Las Actividades Coreográficas en la Escuela: Danzas, Bailes, Funky, Gimnasia-Jazz.... Ed. Inde, Barcelona</p>
<p>Bibliografía complementaria</p>	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Xogos e recreación deportiva/620G01005

Aprendizaxe e control motor/620G01012

Biomecánica do movemento humano/620G01014

Teoría e práctica do exercicio/620G01016



Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Metodoloxía de investigación en actividade física e deporte/620G01021

Actividade física saudable e calidade de vida I/620G01023

Metodoloxía do rendemento deportivo/620G01024

Materias que continúan o temario

Teoría e práctica do adestramento deportivo/620G01037

Observacións

Coa finalidade de mellorar o sistema de garantía interna de calidade do noso centro, sería convinte que o alumnado atendese á solicitude realizada pola UDC, con periodicidade cuadrimestral, respecto a participar no proceso de avaliación das materias cursadas? e cuxa chamada realiza baixo o nome de ?AVALÍA? consistindo en responder as enquisas que avalían a docencia do profesorado en cada materia. Nos diferentes contidos da asignatura o estudante debe prestar especial atención a relación entre práctica e teoría, que no caso da expresión corporal e a danza exige unha implicación persoal referida a sensibilidade e emotividade das persoas. Dado o carácter práctico da asignatura faise moi necesaria a vivencia persoal das diferentes situacións motrices de aprendizaxe propostas nas sesións presenciais para acadar o dominio da materia, disto despréndese a importancia da asistencia as clases. Recomendase tamén a implicación do alumnado na práctica de actividades motrices artísticas que poidan ofertarse ao longo do curso, ase mesmo recomendase a asistencia a diferentes espectáculos expresivos e de danza que estean na oferta cultural da cidade, e a participación nos eventos relacionados coa danza e a expresión artística na Facultade: seminarios, cursos, actuacións, performances,...

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías